



# Somos cultura, temos lingua!

## Manifesto contra a desertización cultural de Vigo

A desertización cultural que padecemos nos últimos catro anos, nos que se desmantelaron boa parte dos programas e dotacións municipais, é un claro exemplo do mal que lle sentou á nosa cidade a maioría absoluta do PSOE en Vigo. Unha maioría tan absoluta como inútil, sen xestión nin proxecto. A redución do orzamento cultural, a escasa programación, a anemia que lle foi inducida á Rede Museística para reduci-la a unha mera rede de contedores baleiros de contido, son os sinais máis evidente do maltrato a que está sometida a cultura en Vigo.

É urxente parar e cambiar esta situación de total desfeita. O cambio do modelo do MARCO, a inacción da Rede Museística da cidade, a non apertura do Centro Galego de Fotografía (despois de oito anos e dous millóns de euros gastados), a parálise do Arquivo Pacheco, o abandono do VERBUM, da Casa das Artes, da Pinacoteca ou da Casa Galega da Cultura, unha programación de Artes Escénicas cativa, a morte do Festival Alternativo das Artes Escénicas (ALT), o cambio de identidade no IMAXINA SONS, o abandono da programación nos barrios e parroquias, unha programación musical que exclúe deliberadamente a música e artistas galegos, a falla de promoción dos artistas locais, a desaparición dos concertos para a xente moza no Castro ou nas festas, ou a desfeita ruinosa do Auditorio Mar de Vigo son apenas algúns exemplos concretos da política de fumigación anticultural practicada no último mandato.

Cómpre un revulsivo. Un xiro de 180º graos, que aposte na democratización do acceso á cultura, nas súas diversas manifestacións, como mellor maneira de humanizar de verdade a cidade, despregando unha política cultural audaz, que apoie e potencie a inxente forza creativa de Vigo, e que aproxime a cultura ás clases populares en todos os barrios e parroquias.

Temos que facer da cultura a pedra basilar e clave de bóveda dunha cidade concibida como comunidade. Apostando polos contidos en troca de polos contedores. Fronte a política-espectáculo que destella, queremos que se faga brillar o talento e a forza creativa que latexa na nosa cidade, cun firme compromiso co acervo cultural galego, desde o tradicional até a vangarda do contemporáneo. Unha cidade lectora, que aproxime e promocio-ne de verdade a lectura e o acceso aos libros como verdadeiros soportes da nosa identidade e chaves do noso futuro.

Desde o orgullo de nós, urxe poñermos en valor a nosa lingua promocionando de maneira activa o seu uso. Facendo que o galego gañe máis espazo público e conectándonos co mundo desde a riqueza de facermos parte da lusofonía. Garantindo os dereitos lingüísticos para podermos vivir en Vigo plenamente na nosa lingua propia.

Se en Vigo houbo política cultural no pasado, foi grazas ao esforzo compartido dos diversos axentes culturais e ao traballo e compromiso do BNG, como ficou demostrado nos períodos en que asumiu a dirección da política cultural da cidade. Por iso, os e as abaixo asinantes, **apostamos en que o nacionalismo galego volva ser unha forza decisiva e determinante na cidade** para revitalizar a actividade cultural. Por iso

facemos un chamamento aos moitos millares de persoas que non entenden nin se resignan a aceptar unha política cultural tan pobre e desértica na principal cidade de Galiza, a utilizaren o seu voto o próximo 26 de maio para promover unha mudanza.

## **Porque somos cultura, porque temos lingua!**

### **PRIMEIROS ASINANTES:**

1. **Pepe Carreiro**, humorista gráfico, debuxante e guionista.
2. **Carme Adán**, filósofa e escritora.
3. **Ramón Nicolás**, profesor, escritor, tradutor e crítico literario.
4. **Luís Correa Piñeiro “O Caruncho”**, músico e regueifeiro.
5. **Marta Dacosta**, poeta.
6. **Vitor Vaqueiro**, escritor e fotógrafo.
7. **Roberto Pascual**, xefe de estudos da ESAD.
8. **Dores André Rodríguez**, bailarina.
9. **Alfredo López “Tokio”**, historietista, ilustrador e humorista gráfico.
10. **Patricia González Iglesias**, música e artesá.
11. **Afonso Eiré “Pucheiro”**, xornalista e escritor.
12. **Elsa Quintas**, avogada e activista en defensa da lingua.
13. **Nemesio Barxa**, avogado e escritor.
14. **Antón López González “Toniño”**, mestre e músico.
15. **Ana Martínez Piñeiro**, bibliotecaria.
16. **Vanesa Sotelo**, dramaturga.
17. **Alfredo García Pinal**, profesor de comunicación audiovisual.
18. **Pilar Martínez**, traballadora da comunicación.
19. **Mariña Fariñas Pérez**, bibliotecaria.
20. **Loli R. Feixó**, artesá.
21. **Ramón Anxo Martínez Seixo**, escritor e profesor.
22. **Silvia Gabriela Pérez Tato**, editora.
23. **Manuela Rodríguez Lorenzo**, editora.
24. **María Inmaculada Fontavigo**, deseñadora.
25. **Fran Zabaleta**, escritor.
26. **Jorge Calvo Ruibal**, enxeñeiro agrónomo.
27. **Tamara Martínez Vidal**, música.
28. **Xerome Calero**, actor e director teatral.
29. **Manuel Xestoso**, crítico literario e teatral.
30. **Santiago Rodríguez Sánchez**, músico.
31. **Maribel Tato**, libreira.
32. **Xoán Abreu**, actor e director teatral.
33. **Gonzalo Pérez**, libreiro.
34. **Quique del Bosque**, escritor.
35. **Pedro Velasco “Pacheco”**, músico.
36. **Bieito Lobariñas**, músico e regueifeiro.
37. **Evaristo Pereira de la Torre**, debuxante.
38. **Sefi Romero**, actriz.
39. **Alexandre Ínsua**, poeta.
40. **Suso Moinhos**, filólogo.
41. **Cruz Martínez**, presidenta da AC O Castro.
42. **Rubén Rocha**, fotógrafo.
43. **Alba Piñeiro Estévez**, profesora e crítica.
44. **Jana Calero Fernández**, membro da banda de ská “Liska”.
45. **Felipe Carnotto**, fotógrafo.